

A poboación de Betanzos no s. XIX

Introducción ó seu coñecemento

XOSE MARIA VEIGA FERREIRA *

Para facer un estudio da poboación de Betanzos no século XIX atopámonos coa falta de fontes na primeira metade, e das que existen, témo-lo problema de se son ou non fiables, polo que considerei máis seguro partir das cifras que dá o Catastro de Ensenada do ano de 1752, que é un dos máis utilizados pola escasa marxe de erro que ten. Danos para Betanzos a cifra de 920 veciños (1), que representarían uns 3.459 habitantes (aplicando o coeficiente de 3,76).

Xa con datos máis axeitados para a segunda metade do século usámo-lo Padrón de 1865 (tódolos datos utilizados, se no se especifica, son do Arquivo Municipal de Betanzos), que nos dá unha cifra de 4.495 habitantes. Así como o de 1900 que nos ofrece unha cantidade de 5.152 habitantes. Terémo-lo seguinte cadro (2):

Anos censais	N.º habitantes	Anos trancurridos	Aumento en cifras absolutas	% de aumento
1752	3.495	—	—	—
1865	4.495	113	1.036	23,6%
1900	5.152	35	657	12,7%

Como podemos apreciar, é un crecemento bastante lento, pois en case 150 anos aumenta soio a razón dun 32,8%, o que significará en cifras absolutas menos de 1.700 habitantes. Pero este crecemento concorda con cifras que se lle supoñen a Galicia nestes anos, como se pode ver no cadro seguinte:

Anos censais	N.º habitantes	Anos trancurridos	Aumento en cifras absolutas	% de aumento
1752	1.299.312	—	—	—
1860	1.799.224	108	499.912	27,7 %
1900	1.980.515	40	181.291	9,15%

A máis clara explicación do comportamento da poboación durante este século virá dada pola gráfica das taxas brutas de natalidade e mortalidade confeccionada a partir dos datos recollidos nas parroquias de Santiago, Santa María e Nuestra Señora de Betanzos, desde o ano de 1800 ó 1900.

O comportamento da poboación está marcado por un case continuo aumento, é dicir un crecemento vexetativo positivo en case todo o século; dunha forma máis contundente a partir da segunda metade, xa que nos primeiros anos, vese interrompido este crecemento por anos de forte mortalidade debidos a avatares militares como no 1809 onde acontece a penetración dos franceses en Betanzos ocasionando importantes perdas humanas. Neste ano aparecen nas actas parroquiais unha gran cantidade de detalles referíndose ó suceso. Na parroquia de Nuestra Señora aparece nunha acta de defunción do día 13 de xaneiro o seguinte:


«No recibí sacramento alguno, por haber sido súbitamente... Nadie asistió a su entierro, por haber entrado los franceses en la ciudad de Betanzos y andar dispersos los sacerdotes y religiosos».

Outra en San Martiño o 28 de xaneiro di o seguinte:

(*) Xose María Veiga Ferreira é betanceiro, licenciado en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago e especialista en Historia Contemporánea e Arquivística.

(1) VAQUERO LATRES, Berta, «La hidalguía en Betanzos en el S-XVIII», Betanzos, Anuario Brigantino 1986.

(2) VILLARES PAZ, Ramón, «Historia de Galicia. Idade Contemporánea», Madrid, 1981.



Nacementos e defuncións do conxunto das parroquias de Santiago, Santa María e Nuestra Señora de Betanzos.

- Nacementos
- Defuncións

«Antonio Sánchez, vecinos que eran de la parroquia de Santa María del Azougue de la ciudad de Betanzos y se habían refugiado desde ella a esta frª huyendo de los franceses que le mataron de un balazo fuera del campo de San Pelaio, en cuya casa estaban refugiados marido y muger y con asistencia del Mayordomo pedaneo de esta frª se enterró en la dicha yglesia. No se sabe de fijo el motivo porque, sino que estando de pie en el portillo que por la parte del poniente sube a dicho campo, le dispararon un tiro de fusil y la bala le atravesó de una parte a otra la frente y cayó muerto inmediatamente. Su muger quedó en cinta».


Na parroquia de Santiago non aparecen con tanta xenerosidade de detalles, pero fai fincarse nalgúns motivos das defuncións, como, por exemplo, nos fusilamentos do día 11 de febreiro nos que morreron Manuel Raposo, Francisco Raposo, José Raposo, Juan Sánchez, José Barreiro, Amaro Pradedá, Jacobo García e Domingo Farín, todos eles fusilados polos franceses.

As causas da forte mortandade deberanse tamén ás crisis agrarias do 1823, 1837-38, 1848-49, 1851-55. Estas crises afectarán a toda a poboación, pero de forma máis importante á clase máis pobre, xa que ó romperse o equilibrio entre recursos e poboación, nos tempos de crises, os precios dispáranse. Así, por exemplo, no 1852 en que as intermitentes choivas de agosto, setembro e outubro arruinan as colleitas deste ano e impiden sementar no seguinte: Isto, para unha poboación na que domina a fariña como base alimenticia, é un tremendo quebranto.

A terceira gran causa de mortandade no século é o Cólera Morbo, que atopará o camiño abonado despois da fame e atacará á poboación cunha gran virulencia nos anos de 1854-55.

A partir de aquí non haberá máis anos en que a mortandade supere á natalidade. Notaranse algúns altibaixos nos anos 75 e 90, pero sen ter a mesma intensidade dos anos precedentes. Serán anos de crecemento continuado.


Antes de començar a desenrolar os distintos apartados, hai que face-la salvedade que dentro das cifras que daremos estarán incluídos San Martiño de Tiobre e Brabío, xa que nos arquivos



Evolución dos nacementos e defuncións na parroquia de Nuestra Señora.

- Nacementos

-- Defuncións



Evolución dos nacementos e defuncións na parroquia de Santa María.

- Nacementos

-- Defuncións

parroquiais aparecen mesturados, o que obriga a realiza-los mesmos cálculos que os feitos anteriormente para a cidade de Betanzos, quedando así as cifras seguintes:

Ano	Poboación
1752	4.152
1865	5.347
1900	6.256

NATALIDADE

A natalidade medra dunha maneira continuada nos primeiros anos do século, dándonos un avance importante ata o 1825. A partir de aquí, hai unha recesión que abarca ata remates da década dos cincuenta, tendo o seu punto máis baixo no 1840 que será a causa da crise dos anos anteriores. O segundo baixón importante ven despois das crises económicas dos anos cincuenta e finais do Cólera. Despois do 1857 aumentará, alcanzando de novo o ritmo do 1825 na década dos 70. Sufrirá outra inflexión no 75, no 80 e na crise finisecular dos anos 90.

E finalmente a recuperación, dándonos unha idea do crecemento que continuará máis tarde no século XX.

En liñas xerais haberá un aumento considerable ata o ano de 1825, e desde aquí haberá un estancamento que continuará ata remates de século.

Indices de crecemento da natalidade tomando 1801 como base 100

Ano	Indice	Ano	Indice
1801	100	1860	155
1810	113,9	1870	170,2
1820	148,1	1880	148,1
1830	147,4	1890	124
1840	112	1900	162
1850	148,1		

Como vemos no cadro anterior tódolos anos posteriores a 1801 son superiores, sendo o índice máis baixo o de 1840.

En canto á natalidade diferencial por sexos, hai que resaltar que por norma xeral nacen máis homes que mulleres, como se pode apreciar no seguinte cadro:

Nacidos vivos

Anos	Cifras absolutas		Tanto por cento	
	M	F	M	F
1810	82	106	43,6	56,4
1830	133	100	57,1	42,9
1850	122	112	52,1	47,9
1865	131	103	55,9	44,1
1880	118	116	50,4	49,6
1900	133	123	51,5	48,5

Aínda que no ano 1810 os nacementos femininos sexan superiores ós masculinos, soio representa un caso aillado. A superioridade de varóns é evidente en tódolos anos. Isto contrastará ó face-la análise cualitativa da poboación, onde haberá un maior número de poboación feminina; a explicación está en que a mortalidade é maior nos nenos de sexo masculino como xa veremos máis tarde.

No que respecta ó ritmo mensual de nacementos, temos que o mes no que se rexistran máis nacementos é o de maio cun 9,6%, seguido do de marzo cun 9,4%. Mentres que os mínimos

corresponden ós meses de xuño e xullo cun 6,7% e un 6,8%. Así, o mes de maior fecundidade é o de agosto, e o de menos o de setembro.

MORTALIDADE

Ten dúas fases diferenciadas, unha ascendente na primeira metade do século, debido á Guerra da Independencia, crises agrícolas e pestilencias como o Cólera.

Comenza a descender a partir do último tercio do século, debéndose a varios motivos como é unha maior estabilidade política, mellores defensas contra as crises e epidemias, así como una diminución notable da mortalidade infantil.

Índices de mortalidade tomando 1801 como base 100

Ano	Índice	Ano	Índice
1801	100	1860	87,6
1810	74,6	1870	—
1820	107	1880	82,4
1830	94,1	1890	92,2
1840	105,1	1900	70,1
1850	93,5		

Máis indicativas serán as taxas de mortalidade que nos darán para a década de 1801 a 1810 unha taxa aproximada de 27,6 por mil, para a década dos sesenta danos unha taxa do 27,4 por mil, e finalmente para 1890 a 1900 un 19,5 por mil. Como vemos a mortalidade dismiúe conforme avanza o século, de forma destacada no último tercio. Unha das causas deste descenso da mortalidade é a baixada da mortalidade infantil, que vemos no cadro seguinte, facendo distinción entre sexos.

Anos	Cifras absolutas		Tanto por cento por sexos		% do total de defuncións
	M	F	M	F	
1820	45	32	58,4	41,6	46,3
1830	18	21	46,1	53,9	26,8
1850	27	23	54	46	34,7
1865	11	9	55	45	11,6
1880	5	3	62,5	37,5	6,2
1900	5	5	50	50	9,2

No cadro anterior hai que entender por mortalidade infantil algo amplo, xa que na maior parte do século non aparece a idade nas actas de defunción, e soamente facían a distinción pola palabra «párvulo». Máis de tódolos xeitos sérvenos para comprobar como a mortalidade infantil vai diminuindo, o que leva a pensar nunha mellora nas condicións de vida, abarcando desde unha mellor alimentación ata adiantos medicinais como o uso extensivo de vacunas, etc.

Outra cousa que se observa é unha maior mortandade no sexo masculino, morrendo máis nenos que nenas. Isto é unha cousa xeneralizada en tódalas épocas.

No que respecta ó ritmo mensual de defuncións, temos que as maiores porcentaxes corresponden ó inverno, sendo o máis alto o mes de setembro cun 12,3% seguido do mes Santos cun 9,7%. Os mínimos daríanse nos meses de verán, así no mes de Santiago cun 4,3% e xuño cun 6,9%.

As causas das mortes non aparecen nas actas ata xa avanzado o século, nembargantes vou citar algunhas das máis frecuentes como é a Tise, Vexigas, Tose Ferina, Tuberculose, Pulmonía, Xarampón, Raquitismo, Tifo, etc.

Un apartado especial merece o Cólera, que é a enfermidade que máis destaca pola súa gran virulencia nos anos de 1854-55. É unha enfermidade endémica de países asiáticos. Entrará por Vigo e encontrará tanto en Betanzos como en toda Galicia un bo caldo de cultivo, pois a poboación estará sufrindo as fames orixinadas pola crise agraria, polo que os resultados non se fan esperar, e así, durante dous anos atacará á poboación como vemos nos gráficos de mortalidade.

Atacará principalmente a nenos e mulleres. Así en 1854 dun total de 388 defuntos, 76 son nenos varóns, 71 nenas, 89 varóns adultos e 152 mulleres.

Os puntos críticos de letalidade obsérvanse nos meses de Santos e outono do 1854 para finalizar cos embates de agosto e setembro do 1855.

CRECIMENTO NATURAL OU VEXETATIVO

O crescimento em geral é case sempre positivo, salvo os anos de 1809, 1938, 1849 e o período 1852,53,54 e 55.

Anos	Nacimentos	Defuncions	Crecemento natural	Anos	Nacimentos	Defuncions	Crecemento natural
1801	158	154	4	1851	221	193	28
1802	169	127	42	1852	236	246	-10
1803	181	134	47	1853	228	402	-174
1804	164	115	49	1854	194	388	-194
1805	188	116	72	1855	204	365	-161
1806	193	117	76	1856	204	140	64
1807	167	108	59	1857	217	155	62
1808	181	117	64	1858	248	142	106
1809	153	186	-33	1859	250	178	72
1810	180	115	65	1860	245	135	110
1811	211	92	119	1861	261	126	135
1812	155	125	30	1862	248	146	102
1813	199	154	45	1863	226	144	82
1814	231	134	97	1864	263	150	113
1815	237	102	135	1865	234	171	63
1816	199	131	68	1866	256	164	92
1817	216	103	113	1867	270	147	123
1818	216	154	62	1868	252		
1819	263	128	135	1869	250		
1820	234	166	68	1870	269		
1821	253	213	40	1871	247		
1822	258	147	111	1872	260		
1823	234	236	-2	1873	254		
1824	250	147	103	1874	286	182	104
1825	287	170	117	1875	215	159	56
1826	271	180	91	1876	254	179	75
1827	249	139	110	1877	255	162	93
1828	263	191	72	1878	257	171	86
1829	242	156	86	1879	215	135	80
1830	233	145	88	1880	234	127	107
1831	241	140	101	1881	250	141	109
1832	231	157	74	1882	244	166	78
1833	240	146	94	1883	266	127	139
1834	222	156	66	1884	247	146	101
1835	226	155	71	1885	269	118	151
1836	209	161	48	1886	252	131	121
1837	219	217	2	1887	245	118	127
1838	253	275	-22	1888	245	120	125
1839	269	169	100	1889	223	124	99
1840	177	162	15	1890	196	142	54
1841	202	170	32	1891	228	160	68
1842	233	145	88	1892	209	137	72
1843	214	162	52	1893	225	112	113
1844	242	94	148	1894	238	141	97
1845	228	145	83	1895	235	106	129
1846	239	149	90	1896	238	125	113
1847	234	171	63	1897	251	128	123
1848	235	223	12	1898	255	112	143
1849	225	224	1	1899	241	92	149
1850	234	144	90	1900	256	108	148

continua

natalidade
mortalidade

ESTUDO

anteriores

seguintes


Rua
San J
O C
A R
Pont

54%

I.—

dun
debi
rech

ecor



Evolución dos nacementos e defuncións na parroquia de Santiago.
 - Nacementos
 -- Defuncións

Así pois, a poboación aumenta a todo o largo do século, dunha forma máis firme e continuada na segunda metade, namentres que na primeira sofre moitos altibaixos.

E necesario resaltar que o crecemento da poboación non é debido a un aumento da natalidade, que permanece constante salvando os anos posteriores ás crises, senón a un descenso da morbilidade.

ESTUDIO CUALITATIVO DA POBOACION DE BETANZOS NO ANO DE 1865

A elección do Padrón deste ano responde a que é un dos primeiros en ter fiabilidade, xa que os anteriores pertencen á época pre-estadística e son máis propensos a erros.

Abarcaremos aquí o que é propiamente o casco urbano de Betanzos, conformado polos seguintes barrios: Rúa Nova, San Francisco, O Campo, A Ribeira e a Ponte Vella.

O total de poboación que obtemos é de 4.483 personas, repartidas do seguinte xeito:


	M	F	Total
Rúa Nova.....	485	636	1.121
San Francisco.....	411	405	816
O Campo.....	499	542	1.041
A Ribeira.....	400	453	853
Ponte Vella.....	273	391	664
Suma.....	2.068	2.427	4.495

Como se pode apreciar, o número de mulleres é superior ó de homes, representando case un 54% da poboación.

I.—Clasificación por idades, sexo e estado civil

Como se pode ver no gráfico e na pirámide, preséntasenos unha base ancha característica dunha poboación xoven, que se vai reducindo paulatinamente no lado masculino; isto pode ser debido a distintas causas como unha mortalidade infantil elevada, emigración (máis nos homes), reclutamento de soldados. Así os brazos correspondentes ó sexo feminino non sofren esta regresión.

O aumento dos brazos a partir dos 30 anos ata os 44 pode conlevar un certo desenvolvemento económico, Betanzos representaría un polo de atracción para os habitantes da comarca.




Evolución mensual da mortalidade na crise agraria do 1852-53 e a incidencia do cólera no 1854-55.

175
150
100
75
50
25
0
25
50
75
100
125
150
175
190
205
220
235
250
265
280
295
310
325
340
355
370
385
400
415
430
445
460
475
490
505
520
535
550
565
580
595
610
625
640
655
670
685
700
715
730
745
760
775
790
805
820
835
850
865
880
895
910
925
940
955
970
985
1000

amp
solte
maic
é lix
fren
maic

A

1
1
2
2
3
3
4
4
5
6
7
8
9
10
11
12
13
14
15
16
17
18
19
20
21
22
23
24
25
26
27
28
29
30
31
32
33
34
35
36
37
38
39
40
41
42
43
44
45
46
47
48
49
50
51
52
53
54
55
56
57
58
59
60
61
62
63
64
65
66
67
68
69
70
71
72
73
74
75
76
77
78
79
80
81
82
83
84
85
86
87
88
89
90
91
92
93
94
95
96
97
98
99
100




Evolución do crecemento natural da poboación.

Con respecto ás idades de 60 a 64 anos, descoñezco a razón pola que o brazo resulta tan amplo, poderíase pensar nunha certa tendencia a redondea-las cifras en xente maior.

No referente ó estado civil da poboación, o primeiro que se observa é o maior número de solteiras que de solteiros, debido á alta poboación feminina. A idade de contraer matrimonio estará maioritariamente ó redor dos 25 a 29 anos, tanto na rama dos homes como das mulleres, aínda que é lixeiramente superior a destas últimas. Nótase tamén unha maioría de viúdas en tódolos brazos fronte ós viúdos, isto deberase a unha maior peligrosidade nos traballos dos homes, así como unha maior mortandade en guerras.

Cadro do Estado Civil da poboación

Anos	M			F			Total
	S	C	V	S	C	V	
0-4	253			214			467
5-9	276			213			489
10-14	193			181			374
15-19	176			200	2		378
20-24	110	24	1	168	32	1	336
25-29	49	66	1	99	89	5	309
30-34	23	125	2	78	141	5	374
35-39	16	154	6	53	153	12	394
40-44	15	161	13	38	153	32	412
45-49	11	82	8	29	64	22	216
50-54	8	55	17	16	63	56	215
55-59	3	47	7	7	38	41	143
60-64	8	60	22	19	49	74	232
65-69	2	22	16	4	13	17	74
70-	3	9	13	8	3	34	70



Composición por idades da poboación de Betanzos no 1865:
 1.—Xóvenes
 2.—Adultos
 3.—Vellos

II.—Clasificación profesional segundo as actividades productivas (3)

A.—Actividades primarias

	M	F
Labradores.....	225	30
Mariñeiros.....	15	1

B.—Actividades secundarias

	M	F		M	F
Albañil.....	21		Fogueteiro.....	1	
Albardeiro.....	2		Forneiro.....	8	
Arneiro.....	2		Fundidor.....	2	
Caixista.....	1		Fuseiro.....	1	
Caldeireiro.....	5		Impresor.....	1	
Canteiro.....	7		Modista.....		5
Carpinteiro.....	50		Muiñeiro.....	1	
Capador.....	1		Obra prima.....	48	2
Cereiro.....	1		Panadeiro.....	2	60
Cerraxeiro.....	1		Pintor.....	2	
Cesteiro.....	1		Prateiro.....	2	
Confiteiro.....	2		Reloxeiro.....	1	
Costureira.....		105	Serrador.....	1	
Craveiro.....	5		Silleiro.....	1	
Curtidor.....	1		Sombreireiro.....	1	
Chocolateiro.....	6		Taboaxeiro.....	3	1
Esquilador.....	1		Tecedeira.....		18
Estañeiro.....	1		Toneleiro.....	2	
Ferrador.....	1		Xastre.....	36	
Ferreiro.....	13		Zapateiro.....	32	
Latoeiro.....	2		Zoqueiro.....	1	

(3) Siguese a división de Colin Clark en sectores de actividade primaria, secundaria e terciaria.

C.—Actividades terciarias

1.—Profesiones Liberais:

	M	F		M	F
Administrador.....	1		Facultativo.....	1	
Arrendador.....	13	12	Médico.....	3	
Agrimensor.....	2		Músico.....	3	
Artista.....	1		Notario.....	1	
Avogado.....	11		Practicante.....	2	
Boticario.....	3		Procurador.....	4	
Enxeñeiro.....	1		Propietario.....	57	37

2.—Igrexa:

	M	F		M	F
Clero.....	13		San cristán.....	1	

3.—Administración Civil:

	M	F		M	F
Alguacil.....	7		Fiscal.....	1	
Beedor.....	1		Mestre.....	4	1
Carabineiro.....	17		Militar.....	38	
Carcereiro.....	1		Municipal.....	8	
Catedrático.....	1		Peón camiñeiro.....	2	
Comisionado.....	1		Porteiro.....	1	
Correos.....	6		Recaudador.....	1	
Curial.....	23		Rexistrador.....	1	
Escribano.....	11		Telégrafos.....	5	
Escribente.....	14		Xuíz.....	1	

4.—Comercio:

	M	F		M	F
Abacería.....	7	8	Pousadeiro.....	3	1
Areeiro.....	2		Quincalleiro.....	1	1
Comerciante.....	38	12	Taberneiro.....	12	9
Estanqueiro.....	1	4	Tendeiro.....	2	6
Expendedora de sal.....		1	Tenería.....	2	


5.—Transporte:

	M	F		M	F
Carreiteiro.....	7		Cocheiro.....	1	
Zagal.....	2				

D.—Outros servicios

	M	F		M	F
Barbeiro.....	21		Mancebo de botica.....	2	
Doméstico.....	30	129	Mandadeiro.....	1	22
Empleado.....	7		Mozo de cuadra.....	1	
Ensino de nenas.....		1	Pesador de sal.....	1	
Lavandeiras.....		10	Xornaleiro.....	144	63

Facendo os cálculos pertinentes encontramos unha poboación activa de 1.583 h., o que representa 1/3 do total. Haberá que descartar aquí á poboación de menos de 15 anos e de máis de



Pirâmide de idades e estado civil da poboación de Betanzos en 1865.

64, a primeira representa un 29,6% e a segunda un 3,2%. Así habería unha poboación potencialmente activa de 3.009 h., e en porcentaxe un 67,1% da poboación total.

En resumidas contas, de cen persoas do Padrón de 1865 teríamos que 30 serían nenos, vellos e 67 en idade de traballar, pero só traballarían 35.

En canto á distribución da poboación activa por sectores, teremos que no sector primario, que pertencen as actividades agrícolas e pesqueiras, hai unha porcentaxe do 17,6% da poboación activa. Pero isto non sería exactamente así, porque hai que ter en conta que os xornaleiros estarían na súa maior parte empregados no sector agrícola. Sumándoos obteríamos unha cifra do 30,7% que probablemente sexa máis axeitada.

No sector Secundario, onde se engloban as actividades artesanais, alcanzará un 28,9% da poboación activa. No sector Terciario un 25,2% e en Outros Servicios un 27,2%.

FONTES UTILIZADAS

- Padróns de 1865 e 1900 da cidade de Betanzos, do Arquivo Municipal.
- Arquivos Parroquiais de Santiago, Santa María e Nuestra Señora de Betanzos.

BIBLIOGRAFIA UTILIZADA

- CIRO F.S. CARDOSO y H. PEREZ BRIGNOLI: «Los métodos de la historia». Barcelona 1979.
- JORDI NADAL: «La población española (siglos XVI a XX)». Barcelona 1976.
- X.A. LOPEZ TABOADA: «Economía e poboación en Galicia». A Coruña 1979.
- A. ERÍAS MARTÍNEZ: «As rúas de Betanzos». Anuario Brigantino 1985.
- B. VAQUERO LASTRES: «La hidalguía en Betanzos en el S.-XVIII». Anuario Brigantino 1986.
- X.R. BARREIRO FERNÁNDEZ: «Historia de Galicia IV. Edade Contemporánea». Vigo 1981.
- R. VILLARES PAZ: «Historia de Galicia. Idade Contemporánea». Madrid 1981.
- H. GERARD, G. WUNSCH: «Demografía». Madrid 1975.
- E.A. WRIGLEY: «Historia y población. Introducción a la demografía histórica». Barcelona 1985.
- A.M. BERNAL: «La lucha por la tierra en la crisis del antiguo régimen». Madrid 1979.
- G. ANES: «Las crisis agrarias en la España moderna». Madrid 1973.
- M. MARTÍNEZ CUADRADO: «La burguesía conservadora (1874-1931)». Madrid 1979.
- M. ARTOLA: «La burguesía revolucionaria (1808-1874)». Madrid 1980.
- C.M. CIPOLLA: «Historia Económica de Europa. La revolución industrial». Barcelona 1979.

C
om
pu
lor
pretende
personax
Co
biografía
da sua p
N
podemo
asumiro
publicac
do en va
xornalis
nomes r
mais qu
reivindi
A
condició
xornalis
redacta
dedicac
terá de
animad
dirixir v
seu obr
diario e
buscar
que re
cal tam
ensinar
médico
dirixir,
casos,
enfren
acarre
do con
é calif
mentr
outros
do ribe
que á
persoa
escud
impla
Vitre
xeito
Bachi
agach
conse
pacifi

(*) Xesu

(1) A